

## ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO DE 22 DE NOVEMBRO DE 2023 SOBRE A SELECCIÓN DE ÁREAS DE COÑECEMENTO PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE PRAZAS DE PROMOCIÓN INTERNA A CATEDRÁTICO/A DE UNIVERSIDADE CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO (OEP) DE 2022 DA UNIVERSIDADE DE VIGO

No Consello de Goberno que tivo lugar o 20 de marzo de 2019, aprobouse o *Plan de promoción a profesorado Titular de Universidade e Catedrático/a de Universidade*, modificado no Consello de Goberno de 2 de marzo de 2023.

Conforme o establecido no devandito *Plan de promoción*, o 27 de outubro de 2023 publicouse a convocatoria para a actualización de listaxes profesorado acreditado a profesorado Titular de Universidade e a Catedrático/a na Universidade de Vigo.

Publicadas a listaxes definitivas o 15/11/23 de profesorado acreditado a Titular de Universidade e Catedrático/a de Universidade determinouse a orde de convocatoria de prazas para as categorías sinaladas.

De acordo coa orde establecida de convocatoria de prazas para a categoría de Catedrático/a de Universidade e a oferta de emprego público de 2022 da Universidade de Vigo, procede a convocatoria de 16 prazas de Catedrático de Universidade, polo que o Consello de Goberno, na sesión de 22 de novembro de 2023, toma o seguinte **ACORDO**:

1. Aprobar a convocatoria e creación de **16 prazas de Catedrático/a de Universidade (OEP 2022)** nas áreas de coñecemento relacionadas no anexo I.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra este acordo recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Asinado dixitalmente en Vigo

O reitor,

Por delegación RR 31/10/2023 (DOG 10/11/2023)

A vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica,

Patricia Valcárcel Fernández



## ANEXO I

Relación, por orde alfabético, das áreas de coñecemento seleccionadas segundo a listaxe de acreditados a Catedrático/a de Universidade (RR 15/11/2023), contemplada no Plan de Promoción a profesorado Titular e Catedrático/a de Universidade (Consello de Goberno 20/03/2019 e modificado no Consello de Goberno de 02/03/2023).

Prazas	Área	Departamento	Campus
1	Comercialización e investigación de mercados (095)	Organización de empresas e marketing (X09)	OURENSE
1	Dereito financeiro tributario (150)	Dereito público especial (X13)	VIGO
1	Enxeñaría de sistemas e automática (520)	Enxeñaría de sistemas e automática (T07)	VIGO
2	Enxeñaría telemática (560)	Enxeñaría telemática (T13)	VIGO
2	Enxeñaría química (555)	Enxeñaría química (T04)	VIGO
1	Estratigrafía (280)	Xeociencias mariñas e ordenación do territorio (C10)	VIGO
2	Física da terra (398)	Física aplicada (T08)	OURENSE
1	Fisioloxía (410)	Bioloxía funcional e ciencias da saúde (C01)	VIGO
1	Linguaxes e sistemas informáticos (570)	Informática (T15)	OURENSE
1	Literatura española (583)	Literatura española e teoría da literatura (H11)	VIGO
1	Mecánica de fluídos (600)	Enxeñaría mecánica, máquinas e motores térmicos e fluídos (T03)	VIGO
1	Óptica (647)	Física aplicada (T08)	VIGO
1	Xornalismo (675)	Psicoloxía evolutiva e comunicación (X10)	PONTEVEDRA

